

“ERASMUS+ E INSERCIÓN LABORAL NA FORMACIÓN PROFESIONAL”.



MÁSTER UNIVERSITARIO EN PROFESORADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA
OBLIGATORIA, BACHARELATO, FORMACIÓN PROFESIONAL E ENSINO DE IDIOMAS

ESPECIALIDADE: FORMACIÓN PROFESIONAL.

ITINERARIO: FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL.

FACULTADE DE BIOLOXÍA - EDIFICIO DE CIENCIAS.

TITOR: ALBANO J. ALONSO BLANCO.

Vigo, Xuño de 2019.

M. Erika Rodríguez García

RESUME

O presente Traballo fin de Mestrado (TFM) ten por obxecto principal investigar a inserción laboral das persoas beneficiarias dos programas europeos de mobilidade ERASMUS+ no ámbito da FP e deste xeito, ver se cumpre un dos obxectivos específicos que se recollen, no artigo 5, apartado a) do Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de decembro do 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión, e que foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013: “mellorar o nivel das aptitudes e competencias clave, atendendo en particular á súa pertinencia para o mercado de traballo e a súa contribución para a cohesión social, en particular a través do incremento das oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe así como a través dunha cooperación reforzada entre o mundo da educación e a formación e o mundo laboral”.

Para comezar explicaremos en que consisten os programas europeos de mobilidade e cales serán obxecto de estudo, para saberes de onde partimos. Unha vez feito isto analizaremos a inserción laboral, diferenciando entre os distintos tipos de modalidade de beca e, entre o alumnado recen titulados e o beneficiario de becas en anos anteriores.

Para terminar presentaremos os resultados obtidos da investigación realizada e as conclusións finais que se poden desprender do análise dos datos obtidos.

ABSTRACT

The present Work end of Master (TFM) has by main object research the labour insertion of the persons participants of the European programs of mobility ERASMUS in the VET and in this way, see fulfils one of the specific aims that collect , in the article 5, apart a) REGULATION (EU) No 1288/2013 OF THE EUROPEAN PARLIAMENT AND OF THE COUNCIL, 11 December 2013 establishing 'Erasmus+': the Union programme for education, training, youth and sport the 20 of December of 2013: "improve the level of key competences and skills of young people, including those with fewer opportunities, as well as to promote participation in democratic life in Europe and the labour market, active citizenship, intercultural

dialogue, social inclusion and solidarity, in particular through increased learning mobility opportunities for young people, those active in youth work or youth organisations and youth leaders, and through strengthened links between the youth field and the labour market.”

To begin I will explain in that consist the European programs of mobility and which will be object of study, to know of where split. Once done this. I will analyse the labour insertion, discussions about the different types of scholarship and between graduates and beneficiaries of previous scholarships.

To finish I will present the results obtained of the investigation realized and the final conclusions that can found of the analysis of the data obtained.

PALABRAS CHAVE.

Programa Erasmus+, práctica, formación, formación profesional (F.P), formación en centros de trabajo (FCT), movilidad, movilidad de estudiantes para estudios, Extracurriculares, recién titulados, Unión Europea, (UE).

ÍNDICE

1	INTRODUCCIÓN.....	2
1.1.	Erasmus+ na Formación Profesional.....	2
1.2.	Marco teórico e estado da cuestión.....	4
1.3.	Obxectivos do traballo.....	5
1.4.	Obxectivos e hipóteses.....	8
2	MATERIAL E MÉTODOS.....	9
2.1.	Deseño.....	9
2.2.	Participantes ou suxeitos.....	9
2.3.	Variables obxecto de estudo.....	10
2.4.	Ferramentas ou instrumentos de medición.....	11
2.5.	Metodoloxía.....	12
2.6.	Análise de datos.....	13
3	RESULTADOS.....	14
4	DISCUSIÓNS E CONCLUSIÓNS.....	21
4.1.	Conclusión iniciais.....	21
4.2.	Interpretación de resultados e comparación dos mesmos con estudos previos.....	22
4.3.	Limitacións do estudo realizado.....	23
4.4.	Proposta de liña de investigación futura.....	25
4.5.	Conclusión finais e descubrimentos.....	26
5	BIBLIOGRAFÍA.....	28

1 INTRODUCCIÓN.

1.1. Erasmus+ na Formación Profesional.

Erasmus+ é o programa da Unión Europea para o período 2014-2020, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2014, en virtude do Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de decembro do 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión, e que foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013.

Neste TFM centraremos no ámbito da educación e a formación do programa Erasmus+ (que abrangue tódolos niveis: escolar, formación profesional, ensinanza superior e formación de persoas adultas), e en particular no nivel de formación profesional e ensinanza superior.

As accións nas que se divide o programa ERASMUS+ son as seguintes:

-ACCIÓN CLAVE 1: mobilidade de persoas (KA1), mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe.

-ACCIÓN CALVE 2: cooperación para a innovación e o intercambio de boas prácticas (KA2). Erasmus+ pretende mellorar a calidade da formación profesional de Europa ofrecendo ao alumnado, ao profesorado e ao persoal dos centros a oportunidade de realizar prácticas no estranxeiro. Para isto créanse asociacións estratéxicas con outras organizacións e empresas e así intentarase establecer relacións sólidas co mundo laboral.

-ACCIÓN CLAVE 3: Apoio a reforma das políticas (KA3).

-ACTIVIDADES JEAN MONET.

No presente TFM centraremos nas acción clave KA1: mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe¹.

¹ Art.7, punto 1, apartado a, do Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 11 de decembro do 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión, publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013: *“a mobilidade de estudantes en tódolos ciclos da educación superior e dos estudantes, aprendices e alumnos na educación e na formación profesional. Esta mobilidade poderá consistir en realizar estudos nunha institución asociada, períodos de practicas ou experiencias como aprendiz, asistente ou becario noutro país”*.

No caso da FP os programas de mobilidade de estudante para estudos, nos que o alumnado poderá participar e que serán obxecto de estudo neste TFM serán: Erasmus+ KA102 (para ciclo medio) e KA103 (para ciclo superior).

É importante puntualizar que o programa Erasmus+ na FP está dirixido só a Formación Profesional de nivel básico e Ciclos Medios; os Ciclos Superiores pertencen ao programa Erasmus+ Educación superior.

Os proxectos de mobilidade para estudantes de Educación Superior, poderán comprender un ou mais das seguintes accións:

-Mobilidade para estudos no estranxeiro ou nunha institución de educación superior, que debe formar parte do programa de estudos que segue a ou o estudante para completar unha titulación de ciclo corto (ciclos formativos de grao superior), primeiro ciclo (licenciatura ou equivalente), segundo ciclo (mestrado ou equivalente) e terceiro ciclo ou equivalente.

-Mobilidade para formación practica no estranxeiro nunha empresa ou en calquera outro lugar de traballo, estas mobilidades tamén reciben apoio durante os estudos.

-Combinación das anteriores.

No caso dos proxectos de mobilidade para estudantes de Formación Profesional, poderá comprender unha ou mais das actividades seguintes:

-Mobilidade en provedores de FP ou empresas estranxeiras, cunha duración de dous semanas mínima e de tres meses máximo.

-Mobilidade de longa duración en provedores de FP ou empresas estranxeiras (ErasmusPro) de tres a doce meses.

Estas actividades están abertas a estudantes da FP, pero tamén poden participar nestas actividades o alumnado recen titulado, nun prazo de 12 meses despois de haberes titulado. As actividades poden ser prácticas a tempo completo ou que combine a aprendizaxe escolar coa práctica.

1.2. Marco teórico e estado da cuestión.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade da educación, no seu preámbulo (XIII) ² resalta a importancia de acadar a Estratexia da Unión Europea para o crecemento intelixente, sostible e integrados para o horizonte 2020, pero sobre todo incide na importancia da Formación Profesional para contares con persoas profesionais ben formadas e cun alto grao de competitividade que se poidan inserir no mercado laboral de forma satisfactoria e con capacidade para adaptarse ao mercado global e cambiante.

Este obxectivo está relacionado de xeito directo co establecido no artigo 5, apartado a) do Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro do 2013 polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión, e que foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013: “mellorar o nivel das aptitudes e competencias clave, atendendo en particular á súa pertinencia para o mercado de traballo e a súa contribución para a cohesión social, en particular a través do incremento das oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe así como a través dunha cooperación reforzada entre o mundo da educación e a formación e o mundo laboral”.

En traballos realizados sobre a Formación Profesional en España analizouse a formación profesional e o mercado de traballo, Pérez Espallers e Rahona (2009), resaltase a importancia de contar en España cun sistema de Formación Profesional que outorgue as persoas traballadoras un amplo grao de cualificación e que nos permita acadar a mesma importancia política e social que os de outros países europeos, tales

² *A principal diferenza do sistema educativo español cos da nosa contorna radica no número especialmente baixo de alumnos e alumnas que transitan pola nosa formación profesional. Esta situación incide inevitablemente na empregabilidade e na competitividade da nosa economía, limitando as opcións vitais de moitos mozos. Revitalizar a opción da aprendizaxe profesional como unha opción acorde coa vontade dun desenvolvemento persoal e tamén a súa permeabilidade co resto do sistema é un obxectivo estratéxico desta lei. Para alcanzalo propónse a modernización da oferta, a súa adaptación aos requirimentos dos diferentes sectores produtivos, a implicación das empresas no proceso formativo, coa importante novidade da formación profesional dual, e a busca dun achegamento aos modelos dos países da nosa contorna con niveis moito menores de desemprego xuvenil. Créase un novo título de formación profesional básica, flexibilízanse as vías de acceso desde a formación profesional básica cara á de grao medio e desde esta cara á de grao superior, priorízase a contribución á ampliación das competencias en formación profesional básica e de grao medio, régúlase a formación profesional dual e complétase con materias optativas orientadas aos ciclos de grao superior e ao tránsito cara a outras ensinanzas.*

como Alemaña, Reino Unido, Bélxica e Holanda, xa que, en España a crenza xeral é que a Formación Profesional só da cabida aos que non queren acadar estudos superiores e non se lle da a importancia que debería ter como sistema de educación alternativa, cuxa misión é formar persoas profesionais con ampla capacitación.

Castellano Gonzalez (2014), establece que “a finalidade da mobilidade de estudos para prácticas é a de contribuír a que as e os estudantes se adapten ás esixencias do mercado laboral a escala comunitaria. Estas prácticas poden ir acompañadas, en caso necesario, de cursos de preparación ou de actualización na lingua do país de acollida.” Ademais resalta que “o obxectivo específico do centro educativo que participa nestes programas é que o alumnado beneficiario poidan ampliar os seus coñecementos en outros campos sempre relacionados coa súa profesión, outros métodos e xeitos de traballar, aprender a comunicarse e relacionarse en outro idioma.”

Fombona Cadavieco e Pascual (2012), realizaron un estudo sobre as accións Erasmus Superior, e resaltaron a importancia das accións de mobilidade de estudantes, profesorado, persoal docente e laboral para a realización de prácticas profesionais en empresas. Chama a atención a mención que se fai da mobilidade de estudantes en prácticas, e a súa baixa representación, xa que, solo supón a quinta parte das mobilidades. As mobilidades as que se refire son as relativas á posibilidade de que estudantes realicen prácticas en empresas, centros de formación, centros de investigación ou outras organizacións doutro país europeo, podendo ser combinadas coa formación.

1.3. Obxectivos do traballo.

A realización de estancias temporais no estranxeiro, xa sexan de curta ou longa duración, durante ou ao remate dos estudos de ciclo debería dotar dun valor engadido á formación regulada levada a cabo polo alumnado de tódolos niveis, pero, en especial, na Formación Profesional, cuxos obxectivos (entre outros), tal como se establece na lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa é a consecución de resultados de aprendizaxe que permitan desenrolar as competencias propias de cada título, comprender a organización e as características do sector produtivo correspondente, así como, os mecanismos de inserción laboral, a realización

de prácticas durante ou posteriores a formación. Así, estas estancias deberían, polo tanto, formar ás persoas traballadoras cun nivel de cualificación maior o que redundará nunha maior experiencia profesional. Todo isto, engadido a práctica dun segundo idioma, prepara ao alumnado para ser mais competitivo no mundo laboral ao que se terá que enfrontar.

Por outra banda, tal como establecen no seu estudo, Pérez Espallers e Rahona (2009) o sistema de Formación Profesional español, debe avanzar aos niveles dos países socios da Unión Europea, co fin de acadar o seu grao de especialización e formación de persoas profesionais cualificadas, pero para iso é preciso desterrar a idea de que estes estudos son para o alumnado que fracasa ou que non pode, xa sexa, porque non ten capacidade ou porque non quere cursar estudos de grao superior. Para isto é necesario que a sociedade teña en conta que o sistema produtivo global é cambiante e que é indispensable dispoñer de profesionais ben formadas e con capacidades de adaptación, así como, profesionais que poidan desenvolver os seus coñecementos en países do noso entorno.

Os últimos datos presentados nas Xornadas Anuais Informativas Erasmus+ 2019, de 4 de decembro de 2018, recollen que no ano 2018 as mobilidades de estudantes para estudos foron de 7.515 en España, das cales 5.708 foron de curta duración.

Por todo o anterior mencionado, engadido a que ao buscar estudos sobre os programas Erasmus+ Formación Profesional e inserción laboral sorprende que non exista ningún, nin actual, nin antigo, pero si varios que estudaban a incidencia do efecto da mobilidade durante os estudos e a inserción laboral das tituladas e dos titulados das universidades destacando o realizado por Di Paulo e Ramos (2016), baseado nas mobilidades de estudantes das Universidades Cataláns, así como, o non atopar datos concretos para estas cuestións, leva ao interese en realizar o presente Traballo Fin de Mestrado (TFM) e tentar coñecer a importancia que o alumnado lle da a realización de prácticas ou estudos no estranxeiro e se a realización das actividades anteriormente mencionadas, teñen unha incidencia directa sobre a inserción laboral e, por último intentar coñecer a relación entre o desfrute das diferentes becas Erasmus+ e a inserción laboral no ámbito da F.P.

Para acadar o obxectivo deste traballo, nun primeiro momento, contactei con varios centros da comunidade Galega, elixindo os que tiveran un amplo número de alumnado participando do programa Erasmus+, intentando seleccionar os que gozaran dunha maior experiencia en programas europeos dende hai varios anos e así poder acadar un amplo número de respostas posibles.

Debido a que non obtiven as respostas desexadas de case ningún deles, engadido á ampla colaboración que tiven por parte do IES SAN CLEMENTE, situado en Santiago de Compostela, decidín que o estudo levado a cabo centrarase só neste centro e nos resultados obtidos das respostas do seu alumnado. Isto supón unha gran limitación ao estudo porque só nos permite analizar unha familia profesional como é a informática e comunicacións.

Despois, e xa contando coa súa colaboración, elixín as variables obxecto de estudo que debería poder analizar de xeito cuantitativo co fin de obter datos que me permitan facer unha análise das mesmas de xeito cuantitativo. Estas serán a que a continuación se detallan:

1. Tipo de becas Erasmus+.
2. Actividade inmediata posterior á finalización da beca.
3. Actividade na actualidade.
4. Importancia da estadía a hora de atopar traballo.
5. Repetiría a experiencia.

Para obter datos sobre as variables obxectos de análise e estudo, elaborei unha enquisa, contando coa axuda e a colaboración do persoal docente encargado do departamento de proxectos europeos, que se lle fará chegar ao alumnado participante de programas europeos dende o ano 2012 ata a actualidade.

Esta enquisa deberá ser o máis sinxela posible en canto a súa comprensión e as súas respostas, co fin de garantir unha maior participación e obtención do máximo número de respostas posibles por parte do alumnado a que vai dirixida.

1.4. Obxectivos e hipóteses.

O que se pretende coa realización deste TFM é saber a relación que existe entre as becas Erasmus+ e a inserción laboral, no ámbito da Formación profesional e polo tanto trátase de saber se cumpre o obxectivo que inicialmente se mencionou como é o recollido no artigo 5, apartado a) (REGLAMENTO (UE) No 1288/2013 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 11 de diciembre de 2013 por el que se crea el programa «Erasmus+»), e que foi publicado no Diario Oficial da Unión Europea o 20 de decembro de 2013: “ mellorar o nivel das aptitudes e competencias clave, atendendo en particular á súa pertinencia para o mercado de traballo e a súa contribución para a cohesión social, en particular a través do incremento das oportunidades de mobilidade por motivos de aprendizaxe así como a través dunha cooperación reforzada entre o mundo da educación e a formación e o mundo laboral”.

A hipótese da que partiremos será sinxelamente que: “a posibilidade de encontrar un traballo, relacionado cos estudos cursados unha vez rematados o ciclo de Formación Profesional aumenta cando se ten desfruta dunha beca Erasmus+ de mobilidade.”

Unha vez analizada se esta hipótese se cumpre, poderemos seguir avanzado na análise dos datos dos que dispomos dunha maneira máis minuciosa para intentar saber se tódalas becas Erasmus+, como son, formación, extracurriculares, FCT e alumnado recen titulado, teñen a mesma incidencia no emprego ou non. E así poderemos chegar a dar resposta as seguintes preguntas:

1. A inserción laboral dos titulados e das tituladas de Formación Profesional ten unha relación positiva co disfrute dos programas de mobilidade Erasmus +, e polo tanto cumpre cos obxectivos que se pretenden na súa normativa?.
2. Os distintos tipos de mobilidades de estudantes para estudos teñen a mesma incidencia en relación coa inserción laboral?.

2 MATERIAL E MÉTODOS.

2.1. Deseño.

O presente traballo levarase a cabo mediante unha investigación empírica de tipo descritivo. Para a realización deste tipo de investigación o que faremos será o seguinte: a partires dos obxectivos iniciais que pretendemos acadar e que inicialmente se detallaron, elaboramos unha hipótese de partida que tentaremos contestar mediante a postulación de variables de tipo cualitativo e a súa medición en termos de porcentaxe, analizando as mesma primeiro de xeito individual e despois conxuntamente.

Para seguiremos este deseño, primeiro elaborárase unha enquisa sinxela na que tentaremos obter os datos das variables postuladas de xeito cuantitativo en porcentaxes para a súa comparativa.

Todo isto foi posible coa axuda do persoal docente do centro IES San Clemente co que colaborei, tanto na elaboración da enquisa como na entrega da mesma ao alumnado, que se fixo mediante o envío de correos electrónicos por parte dos e das docentes ao participante de proxectos europeos dende o ano 2012 ata a actualidade, incluídos os dos cursos actuais.

Unha vez obtidas as respostas, o persoal docente do centro faranmas chegar mediante correo electrónico (por ser o xeito máis rápido), para poderes calcular os porcentaxes e a elaboración dun resumo, que nos permita facer comparativas e sacar conclusións para dar respostas ás hipótese e as preguntas que xorden do obxectivo presentado inicialmente.

2.2. Participantes ou suxeitos.

Os suxeitos ou participantes neste traballo de investigación, serán potencialmente, 114 individuos (alumnas e alumnos) que tiveran participado dunha beca Erasmus+ dos distintos tipos, dende o ano 2012 ata a actualidade (isto é incluídos os que participaron este ano, 2019), pero finalmente para a análises de datos as respostas foron só de 65, o que supón unha porcentaxe moito máis baixa da esperada.

Os mesmos, pertencen na súa totalidade ao IES San Clemente, e está composto polo alumnado pertence a catro ciclos de Formación Profesional de nivel medio e

superior da familia profesional de informática e comunicacións, que a continuación se mencionan:

- CM Plurilingüe de sistemas informáticos en rede.
- CS de Administración de sistemas informáticos en rede.
- CS de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma.
- CS de Desenvolvemento de Aplicacións Webs.

A elección deste grupo obxecto de estudo, como se mencionou anteriormente, debeuse a ampla colaboración que me prestou dende un primeiro momento, o departamento de Proxectos Europeos do IES San Clemente, e o persoal docente que o forma, os cales, ademais, estaban xusto nese tempo a realizar enquisas relacionadas coa incidencia sobre a inserción laboral do seu alumnado despois de teres desfrutado dunha beca de mobilidade Erasmus+, diferenciando entre cada un dos tipos de becas que o centro oferta.

A enquisa realizouse durante os meses de abril e maio, que foi cando comecei coa realización do TFM e que é tamén cando tiven a oportunidade de pórme en contacto con eles.

Nun primeiro momento, cando programei este TFM, tentei ampliar a mostra a outros centros da comunidade, pero como as respostas non chegaban a tempo e despois de tentar poñerme en contacto con eles varias veces, por distintos medios, para reclamar as respostas e non obter as desexadas, decidín que o máis sensato, tendo en conta o tempo do que dispoñía para levar a cabo a elaboración do proxecto, era reducir o tamaño da mostra e centrarme nas respostas que xa tivera obtido, aínda que isto supuxera non ter feito o mesmo do xeito mais exacto.

2.3. Variables obxecto de estudo.

As variables que imos medir e que serán obxecto de análise neste traballo de investigación serán:

- Tipo de beca Erasmus+, actividade posterior a beca, actividade na actualidade, importancia da beca e valoración da súa importancia.

Como podemos observar, todas elas son variables de tipo cuantitativo o que nos permitirá obter resultados en porcentaxes cos que poder facer comparativas e elaborar gráficas de xeito sinxelo cunha táboa de Excel.

Cos datos obtidos poderemos facer dous tipos de medicións, unha xeral na que se analizará os datos no seu conxunto, é dicir, sen diferenciar o tipo de beca no que o alumnado participou, e unha particular, na que analizaremos os datos en función do tipo de beca.

O tamaño da mostra obxecto de estudo, como xa se comentou cando se presentou a mesma no apartado 2.2. deste TFM, era inicialmente era de 114 enquisas, das cales só se obtiveron resposta a 65, e están relacionada con alumnado pertencentes a ciclos medios e superiores da familia de informática.

2.4. Ferramentas ou instrumentos de medición.

É preciso puntualizar que para a elaboración deste TFM considerei que o máis axeitado era contar coa axuda dos centros da comunidade Galega que tiveran experiencia probada en proxectos europeos. Para isto fixeime na información da Web de cada un dos centros que ofertaban un maior número de becas Erasmus+, tanto neste curso como en anteriores. Despois disto, enviéelles un correo co obxectivo deste TFM e pedíndolle a súa colaboración.

De todos os que lle escribín ou chamei por teléfono para intentar obter información que me permitise levar a cabo este traballo de investigación, o IES SAN CLEMENTE foi, sen lugar a dúbidas, o que me facilitou a información máis fiable e rápida para poder levalo a cabo, e que ademais estaba interesado en coñecer os datos da inserción do seu alumnado.

Despois de falar coas persoas responsables de proxectos europeos no centro, e de pedirlle axuda na elaboración deste TFM enviáronme un cuestionario que lle tiñan pensado pasar ao alumnado nos vindeiros días, co que pretendían atopar información sobre a utilidade da beca a hora de atopar traballo, así como, da importancia que para o alumnado supoña a mesma de cara o seu futuro. Despois de analizar esta enquisa e de realizar unha comparación coa que eu tiña preparada, resultou ser similar e incluso ser mellor que a que eu tiña, para poder levar a cabo os obxectivos que inicialmente se marcaron neste TFM, e dende o centro amosáronme que contaban con experiencia na

obtención de datos para o seu análise, xa que contaban con experiencias de anos anteriores.

O que me explicaron dende o centro é que, os resultados de anos anteriores amosoulle que o mellor xeito de obter un maior número de respostas posibles e reais era realizar unha enquisa con preguntas curtas e sen posibilidade de erro, para que así as e os participantes non se sentiran abraiadas e abraiados cunha primeira ollada a mesma e desistiran de participar no estudo.

Polo anterior exposto, que creo que a validez do documento obxecto de estudo está probada, xa que, a pesares da miña inexperiencia no tema, contei coa axuda de persoal docente con probada valía á hora da elaboración de enquisas e de elaborar estudos como o que eu pretendo levar a cabo.

2.5. Metodoloxía.

A metodoloxía seguida foi, moi sinxela, e consistiu no envío mediante o correo electrónico ao alumando do centro que tivera disfrutado en anos anteriores dunha beca Erasmus+ nas distintas modalidades que no mesmo se ofertan.

Esta metodoloxía elixiuse por considerarse que era a máis rápida, xa que, era moi difícil pórse en contacto con alumnado de anos anteriores de outra maneira que non fóra o correo.

Estes correos electrónicos foron enviados directamente polo centro, porque pensamos que así serían máis efectivos ao ser recibidos dunha institución pública coñecida, e ía acompañado coas instrución precisas para a súa resposta e envío posterior da mesma, así como unha explicación do motivo polo que se levaba a cabo, ao fin de que as mesmas puideran ser o mais veraces posibles e chegaran a tempo para incluírense no traballo.

A medida que as e os responsables da recepción das respostas por parte do centro ían recibindo as mesmas ían facilitándome os datos obtidos para procederes ao seu estudo e análise, mediante a realización dun resumo nunha táboa de Excel.

2.6. Análise de datos.

A análise de datos farase dun xeito moi sinxelo debido a que non conto coa formación necesaria para facelo doutro modo, así seguiremos o procedemento que a continuación se detalla:

- Cos resultados obtidos, mediante as respostas das enquisas que o centro foi recibindo por parte do alumnado participante, faremos unha táboa de Excel, a xeito de resume, na que primeiro organizaremos os datos en función do tipo de beca (como poderemos ver na táboa do punto 3).

- Unha vez ordenados os datos recibidos faremos gráficos cos resultados obtidos separados en dúas fases, nunha primeira analizaremos os mesmos sen ter en conta o tipo de beca desfrutado, e dicir faremos un gráfico circular co resultado do total das respostas, medidas en porcentaxe (gráfico 1; gráfico 2; gráfico 3 e gráfico 4); e despois faremos un segundo análise cos resultados separados de cada un dos tipos de becas analizados, mediante a realización dun gráfico de barras en termos absolutos.

A realización do segundo gráfico de barras, nun primeiro momento non se tiña pensado facer, pero unha vez vistos os resultados obtidos, considerouse necesario analizar se os datos varían moito dun tipo de beca a outro, para poder ser mais exactos nas conclusións.

Os resultados aínda que inicialmente pretendían ser todos en termos de porcentaxe, considerouse que non era operativo, e que simplemente coa realización dunhas gráficas de barras nos permitían amosar os resultados desexados.

3 RESULTADOS.

Os resultados obtidos das enquisas realizadas ao alumnado do IES San Clemente enquisado son os que a continuación se mostran:

BECAS ERASMUS +			Actividade										Importancia facer a Beca				Repetiría experiencia		
Tipo de Beca	Nº Becas	Respostas	Posterior á Beca					Actualmente					Moita	Algunha	Pouca	Ninguna	SI	NO	
			T.I.	T.O.	E.I.	E.O.	Paro	T.I.	T.O.	E.I.	E.O.	Paro							
Formación	4	1	0	0	1	0	0	0	0	1	0	0	0	1	0	0	0	1	0
ExtraCurriculares	21	11	2	0	9	0	0	4	1	6	0	0	7	4	0	0	10	1	
FCT	74	49	22	3	16	4	4	30	5	11	2	1	37	11	1	0	48	1	
Recén Titulados	15	4	2	1	1	0	0	2	0	1	1	0	2	1	1	0	4	0	
	114	65	26	4	27	4	4	36	6	19	3	1	46	17	2	0	63	2	

Como resultado da táboa anterior, podemos elaborar os seguintes gráficos, para poder analizar as variables, de xeito xeral sen ter en conta o tipo de beca:




GRÁFICO 1.

Como podemos observar a actividade que desempeñaron as persoas inmediatamente despois de teres participado dunha beca Erasmus+ de mobilidade (gráfico 1) é, concretamente no 42%, a de seguir cursando estudos relacionados coa informática, que son os que cursaban antes ou durante a participación na mesma. O 40% dos enquistado atoparon traballo relacionado cos seus estudos e só unha cantidade residual, o 2%, non atopa traballo ou encontrase en situación de desemprego na actualidade.



GRÁFICO 2.

En canto a actividade na actualidade (gráfico 2) podemos dicir que o alumnado enquistado exerce na súa gran maioría, concretamente nun porcentaxe dun 55%, un traballo relacionado cos estudos realizados (traballo relacionados coa familia profesional da informática e das comunicacións), o 29% afirma seguir cursando estudos relacionados cos anteriores e, por último, o 9% atopou traballo, pero en algo completamente diferente aos estudos e só o 2% do enquistado, non atopou traballo ou está en situación de desemprego na actualidade.



GRÁFICO 3.

Ao analizares a importancia da realización da beca (gráfico 3), podemos dicir que case tódalas persoas participantes (un 71%) están de acordo de que a mesma tivo moita importancia no seu futuro. E chama a atención o dato de que so para un 3% do alumnado tiña pouca importancia.

- alumnado do IES San Clemente da familia profesional da informática e Comunicación.
- Relativo a 4 ciclos: 2 de nivel medio e 2 de superior.
 - Tamaño potencial: 114 individuos, resposta: 65.


**GRÁFICO 4.**

Por último, cando se analiza se repetirían a experiencia (gráfico 4), é dicir, se a satisfacción de ter realizado a beca foi grande, a gran maioría faríano, e só un 3% non o faría.

A xeito de resumo, dos datos expostos anteriormente podemos concluír que o alumnado que tivera desfrutado dunha beca Erasmus+ de mobilidade, atopa traballo relacionado cos seus estudos ou dedícase a seguir cursando estudos relacionados cos xa cursados e que só nunha porcentaxe moi baixa non atopa emprego nin a curto, nin a medio prazo (que os que puidemos analizar). Cabe resaltar a importancia que case tódalas persoas participantes lle outorga á beca á hora de atopar traballo relacionado cos estudos, pois o 97% considera que foi importante neste aspecto, aínda que deste só o 71% o considera fundamental.


Unha vez analizados as variables de maneira xeral, analizaremos cada un dos tipo de becas, para intentar ver se os datos varían ou pola contra son similares.

- FORMACIÓN:




Os datos analizados son residuais, so contamos cunha mostra de 4 suxeitos, polo que tendo en conta que a mostra é moi pequena o que non nos permite obter resultados reais decidimos que o máis correcto e non a ter en conta nos resultados obtidos.

- EXTRACURRICULARES:




Neste caso a mostra da que dispomos é maior e á vista dos resultados, podemos dicir que a actividade realizada pola maioría, 9 dos 11 que responderon, é a de continuar cos estudos cursados o que é normal porque se trata de mobilidades que se soen facer durante o verán, no primeiro curso, durante un mes. En canto a actividade na actualidade chama a atención o alto número de persoas que seguen a cursar estudos relacionados cos anteriores, xa que supón a metade.

- FCT (FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO):



Este tipo de becas supón o 75% do total das becas, polo que a súa análise será a máis importante porque nos poderá amosar uns datos máis significativos polo tamaño da súa mostra. Así podemos dicir que, a actividade a que se dedicaron despois de ter desfrutado da beca esta relacionado na súa maioría cos estudos cursados (77%) dos cales o 44% traballaba e o 33% seguiu cursando estudos relacionados cos anteriores. Na actualidade a gran maioría atopase empregada, o 71% do total, e a porcentaxe que traballa en postos relacionados coa súa formación é dun 61%. Só un 2% atopase en situación de desemprego e o resto segue a cursar estudos.

- RECÉN TITULADOS.



Neste caso os datos cos que nos atopamos despois da análise dos mesmos, podemos dicir que se parecen moito aos analizados co tipo de beca anterior, pero

sorprende que a importancia que o alumnado lle da e moito máis baixa que no caso anterior.

4 DISCUSIÓNS E CONCLUSIÓNS.

4.1. Conclusión iniciais.

Tal como se expuxo no comezo do traballo, o obxectivo deste TFM é o de coñecer a relación que existe entre as becas Erasmus+ e a inserción laboral do alumnado beneficiario dunha beca Erasmus+, nos distintos tipos de mobilidades de estudantes para estudos, así como, a veracidade da hipótese de partida que é se “a posibilidade de encontrar un traballo, relacionado cos estudos cursados unha vez rematados os estudos de Formación Profesional aumenta cando se ten desfrutado dunha beca Erasmus+ de mobilidade”, ao tempo que se lle da resposta ás preguntas que xorden no punto 1.4, como son:

1. A inserción laboral dos titulados e das tituladas de Formación Profesional ten unha relación positiva co desfrute dos programas de mobilidade Erasmus +, e polo tanto cumpre cos obxectivos que se pretenden na súa normativa?.

2. Os distintos tipos de mobilidades estudantes para estudos teñen a mesma incidencia en relación coa inserción laboral?.

Así, unha vez analizados os datos e observando os resultados obtidos das enquisas realizadas, parece que podemos dicir que nun primeiro momento a relación entre a inserción laboral e o haber desfrutado dunha beca Erasmus+ é positiva, isto é, a posibilidade de acadar un traballo relacionado cos estudos é maior, xa que, como podemos ver nos gráficos 1 e 2, só o 2% da poboación obxecto de estudo non atopa un traballo ou está en situación de desemprego.

Pero, en vista dos resultados, debemos facer unha puntualización en función do tipo de beca e a actividade posterior, xa que, se nos fixamos nos datos minuciosamente decatámonos de que un porcentaxe alto do alumnado segue cursando ou ampliando estudos relacionados cos anteriores e o resto atopa traballo relacionado cos mesmos, polo tanto, parece que en función do tipo de beca os estudantes atopan un primeiro emprego ou deciden seguir estudando.

O que non podemos saber, tal e como están redactadas as preguntas desta enquisa, é se esta é a opción elixida debido a que non son capaces de atopar un traballo relacionado coa súa formación e polo tanto, antes de estar en situación de desemprego seguen ampliando os seus estudos, ou se pola contra é unha decisión voluntaria, é dicir,

unha vez rematados os estudos, deciden seguir ampliando a súa formación porque lles gustou e queren acadar unha maior especialización.

Polo que nos atopamos con que o que nun primeiro momento parecía que se podía contestar de xeito positivo, unha vez realizada unha análise mais en profundidade, parece que non é tan certo e precisa dunha maior concreción para a súa resposta.

Isto amósanos que a enquisa non é todo o precisa que debería ser e que, a pesares de pensar nun primeiro momento que si o era, non nos permite obter datos veraces para poder ser concluíntes nas nosas respostas que inicialmente queríamos contestar, porque precisábamnos saber se o alumnado que opta por seguir estudando faino porque quere ampliar os seus estudos por decisión propia, ou pola contra, porque non ten outro remedio que facelo a non ser capaz de atopar traballo acorde coa súa formación.

Sen embargo, debemos resaltar que a inserción laboral ten unha tendencia positiva co paso do tempo, acadando un porcentaxe dun 65%, fronte ao 40% posterior á beca, pero temos de novo un dato parecido ao anterior, isto é, ó 34% segue cursando estudos, o que nos leva a pensar o mesmo que no caso anterior, fáltanos datos.

Por último, a maioría do alumnado está de acordo en que a beca é importante en maior ou menos grao, para o seu futuro e case de xeito unanimidade todos repetirían a experiencia de realizar unha nova beca de mobilidade.

4.2. Interpretación de resultados e comparación dos mesmos con estudos previos.

Á hora de realizar unha interpretación dos resultados debemos ser moi prudentes nas conclusións, pero se cremos que a continuación de estudos relacionados cos anteriores se debe a unha opción voluntaria e non froito da necesidade, a mesma pódese facer seguindo o traballo sobre a Formación Profesional en España e o Mercado de Traballo, Pérez e Rahona (2009), dende o punto de vista de non ter considerado os estudos de FP como importantes para obter persoas profesionais cualificadas, porque este podería ser o xeito de tentar explicar porque un porcentaxe tan alto do alumnado segue cursando estudos unha vez finalizados o seu ciclo en vez de incorporarse ao mercado de traballo, o que pon de manifesto que a finalidade do sistema educativo da

FP como creación de persoas profesionais cualificadas destinadas a incorporarse ao mercado laboral, cómprese pero só a medias. O que sí se acadada é a súa función de axudar a reducir o abandono escolar, xa que, cos datos que manexamos podemos deducir que unha vez que os xoves entran a estudar un ciclo de FP, teñen a oportunidade de seguir medrando e estudando o que fai que o abandono sexa menor e que a formación continua sexa real.

Non se atoparon estudos sobre as becas Erasmus+ e a inserción laboral na FP, pero si traballos similares referidos ao caso da formación universitaria, destacando o estudo realizado por Di Paolo e Ramos (2018) que pretende establecer a relación entre a mobilidade durante os estudos e a sobrecualificación das persoas tituladas nas universidades cataláns en función das enquisas sobre a inserción laboral. No mesmo, a pesares de que admite limitacións nas investigacións que se levan a cabo, establece que o alumnado que realiza mobilidades durante os seus estudos alcanza un nivel de cualificación “excesivo” de cara ao posto de traballo que desempeñará no futuro. Polo tanto, podería ser outra interpretación dos resultados das enquisas realizadas, porque como observamos, as e os estudantes que realizan mobilidades durante ou despois de realizar estudos, soe seguir, polo que, a cualificación que acadan soe ser superior á das e dos estudantes que non desfrutan de becas de mobilidade e non podemos saber, debido a limitación deste estudo, se a cualificación acadada lle permite obteres un mellor posto de traballo ou, se pola contra a cualificación acadada é excesiva para o posto de traballo que nun futuro estas persoas poidan desempeñar.

4.3. Limitacións do estudo realizado.

O presente estudo ten varias limitacións debido a que non se contou co tempo suficiente para levalo a cabo, nin coa formación necesaria, nin cos medios precisos para poder ser concluíntes en canto aos resultados obtidos, polo que só podemos considerar os seus resultados no marco onde os analizamos, isto é, para unha familia profesional concreta, como é a da informática e comunicacións, e dentro dun só centro, como é o IES San Clemente.

Para poderes ter uns resultados máis veraces deberíamos contar cunha poboación maior e máis diversa, en canto ao seu número de participante e en canto á súa composición de familias profesionais.

Outra limitación importante foi a enquisa que se enviou ao alumnado, xa que, o que nun primeiro momento pareceu ser fiable á hora de realizar unha análise da relación Erasmus+ e inserción laboral, resultou ser o principio doutro estudo, e iso foi froito do resultado do alto porcentaxe de alumnado que despois de ter participado dunha beca Erasmus+, independentemente do tipo de mobilidade levada a cabo, segue continuando os seus estudos, e que na súa maior parte faino en temas relacionados cos realizados anteriormente. Creo que isto debería ser obxecto dun estudo en profundidade para saber se os estudantes elixen un ciclo de Formación Profesional porque non son capaces de acadar a nota media que lle permite acceder a estudos de grao (o que en moitos casos é demasiado elevada, debido a limitación das prazas ofertadas e a dificultade do bacharelato e da proba de acceso a universidade); porque despois de realizar estudos de formación profesional gústalle o que fan e deciden ampliar a súa formación ou si se debe a que ao non atopara traballo relacionado coa súa formación deciden ampliála para intentar obter unha maior cualificación que lle permita acceder ao mercado laboral de xeito máis doado.

Por todo o anterior exposto, resulta obvio que para acadar estas respostas deberíamos incluír na enquisa unha pregunta coa que intentar saber o motivo polo que deciden seguir estudando para así poder concluír cal é o motivo e a partires de aí saber se o dato sobre a inserción laboral é real.

Ao atoparme con esta outra variable que non tiven en conta, como é se seguen cursando estudos despois de ter participado da beca por motivos propios ou obrigados ao non atopar traballo, fai que o dato do baixo porcentaxe da mostra que está en situación de desemprego non poida ser o concluínte que debería.

Quero manifestar a miña limitación á hora da análise de datos, xa que, é a primeira vez que levo a cabo un traballo de investigación como tal, e en ningún momento do curso tivemos referencia algunha a esta materia, mais alá dun correo con instrución sobre como realizalo, polo que, entendín que o xeito máis fácil para poderes ter unha visión dos resultados sería en porcentaxes porque nos permite realizar gráficos que mostran de xeito claro o que se pretende, pero isto, mostra que a metodoloxía seguida é moi rudimentario e con moitas limitacións.

A isto último debemos engadir o tempo do que dispomos para poder realizar a investigación, xa que, cando empecei a contactar cos centros foi a finais de marzo, primeiros de abril coincidindo co final da segunda avaliación, xunto coa data na que o alumnado de segundo curso estaba próximo a comezar a FCT, polo que a maioría dos docentes estaban ocupados preparando exames de recuperación, avaliación, etc. Isto, imaxino que tivo que ver coa baixa participación coa contei á hora de tentar obter máis resposta por parte do persoal docente doutros centros cos que tiven a oportunidade de contactar.

4.4. Proposta de liña de investigación futura.

Como cabe esperar despois do comentado nos apartados anteriores, creo que, do presente traballo obtemos unha nova liña de investigación como é “a análise do perfil do alumnado de formación profesional que participa dunha beca Erasmus+ de mobilidade”.

Se realizamos unha primeira análise do tipo de alumnado que acede aos mesmos, e coñecemos a súa procedencia (isto é se é un alumnado procedente da ESO ou pola contra se procede da FP básica, no caso de ciclos medios e se procede do bacharelato ou conta con estudos universitarios sen acabar, no caso dos ciclos superiores), poderíamos obter uns resultados concluíntes e saber se o que buscan coa realización dos estudos de Formación Profesional é atopar un traballo ao rematar os estudos e coa participación na beca obter unha maior cualificación e formación, ou si, pola contra, os estudos son un paso intermedio á hora de seguir estudando, porque non puideron acadar o resultado exixido para cursalos por outra vía, e se a participación na beca ten por motivo coñecer novas metodoloxías de traballo e a práctica de idiomas, pero non ten que ver coa inserción no mercado laboral.

O anterior mencionado podería darse de xeito conxunto tamén, isto é, non son opcións contrapostas, así podemos atopar que o alumnado que non tivera pensado nun primeiro momento seguir estudando, despois de ter realizados uns estudos determinados quere seguir adiante porque encontra que ten afinidade cos mesmos e a participación na beca Erasmus+ ten por obxectivo obter unha maior especialización e cualificación.

Así, creo que é preciso realizar un estudio minucioso con tódalas posibilidades para ter un resultado o máis fiable posible en canto ao perfil do alumnado que accede a realización de becas Erasmus+.

4.5. Conclusión finais e descubrimentos.

Unha vez levado a cabo o traballo de investigación e en vista das conclusións, anteriormente expostas, queda de manifesto a necesidade de realizar máis estudos de este tipo no que se coñeza a incidencia sobre o emprego das becas Erasmus+ de mobilidade no ámbito da FP, en tódolos seus niveles, sobre a inserción laboral, xa que, parece necesario dotar ao sistema educativo da FP en España dunha maior especialización que redunde na formación de persoas cun alto grao de competitividade e empregabilidade, e para isto resulta necesario o coñecemento da FP e o desterro do pensamento de que son estudos destinado exclusivamente ao alumnado que fracasa no ámbito universitario, e polo tanto o único que pode facer é cursar un ciclo de formación profesional.

Precisamos para acadar este obxectivo que a sociedade no seu conxunto poida coñecer o funcionamento da FP e as súas oportunidades futuras, e se ademais esta acompañado da posibilidade de realizar prácticas no estranxeiro, como se da no caso da realización do módulo de Formación en Centros de Traballo (FCT) cunha beca Erasmus+, o seu atractivo aumentará.

O descubrimento mais revelador que, ao meu parecer, se fixo neste traballo de fin de Mestrado foi, sen dúbida, o perfil do alumnado que participa nos proxectos Erasmus+ de mobilidade, xa que, parece ser (non teño datos suficientes para ser concluínte debido ás limitacións deste estudo) que son estudantes con aspiracións de seguir estudando, poderían ser estudantes que pretenden acadar unha formación práctica primeiro para poder seguir cunha formación universitaria despois, pero insisto isto é só unha opinión.

Cumple dicir, que coa realización deste traballo queda probada a necesidade de seguir investigando nestas dúas liñas abertas, a primeira, non comezada nun primeiro momento e que nace de forma espontánea coa proposición do tema de investigación deste TFM, como é o perfil do alumnado que participa nos diferentes

proxectos de mobilidades de estudante para estudos dentro do programa europeo Erasmus+ de calquera tipo; e a segunda, a que inicialmente se tentou desenrolar como tema principal, que é a relación entre Erasmus+ na FP e a inserción laboral, xa que, como puidemos corroborar ao longo do traballo a primeira liña de investigación, é crucial para poderemos obter resultados concluíntes e veraces da segunda, porque sen saberes o tipo de alumnado que accede a estas becas non podemos facer unha lectura correcta do porcentaxe de alumnado que atopa traballo, tanto despois de rematar os estudos, como pasado o tempo.

Por último quedaría saber que tipo de traballo atopa o alumnado, xa que, non é o mesmo que realice un traballo relacionado cos estudos e que lle permitan satisfacer as súas expectativas iniciais propostas coa iniciación dos seus estudos, como o ter atopado un traballo precario, que non teña nada que ver coa súa cualificación. Isto, é crucial para poderemos realizar unha análise correcta.

En conclusión, as liñas de investigación que nacen e que quedan xustificadas en canto a súa necesidade cos fundamentos deste traballo son tres e están relacionadas directamente:

- 1.- Perfil de alumnado que participa de proxectos de mobilidade Erasmus + na FP.
- 2.- Inserción laboral do alumnado participante nos distintos tipos de becas Erasmus+ na FP.
- 3.- Tipo de emprego atopado (esta liña poderíase incluír coa anterior).

5 BIBLIOGRAFÍA.

- Arenas Sara (2017). Evolución de la política europea de formación profesional desde principios de 1963. *Jornaul of Supranational Policies of education, extraordinario* 2017, pp 216-218. DOI:<https://doi.org/10.15366/jospoe2017.m1>.
- Castellano Isabel (2014). Formación Profesional y Erasmus: prácticas en Europa. *Aula Secundaria*. INSS-e 2014-8615-Nº 9, 2014, pag. 21-24. Recuperado de <https://www.grao.com/ca/produce/formacion-profesional-y-erasmus-practicas-en-europa>.
- Di Paolo Antonio e Ramos Raúl (2018). El efecto de la movilidad durante los estudios sobre el desajuste educativo de los graduados recientes. Evidencia a partir de la encuesta de inserción laboral de los titulados y tituladas de las universidades catalanas. *Cuadernos Económicos de IC*. ISSN 0210-2633-Nº 95.2018, pag.209-235. Recuperado de <http://www.revistasice.com/index.php/CICE/article/view/6648/6595>.
- Fombona Cadavieco, J e Pascual, Angeles (2013). Estudio de las acciones Erasmus en Educación Superior, *Magister*, volumen (25), páginas 74-82. Recuperado de [Dialnet-EstudioDeLasAccionesErasmusEnEducacionSuperior-5588607.pdf](http://dialnet-estudio-de-las-acciones-erasmus-en-educacion-superior-5588607.pdf).
- Pérez Esparrells e Rahona López (5 e 6 de febreiro, 2009). A Formación Profesional en España e o mercado de traballo: desafíos e oportunidades. Trabajo presentado no *XVI Encontro de Economía Pública, Palacio de Congresos de Granada, España*.
- Erasmus+ guía do programa 2019, recuperado de https://ec.europa.eu/programmes/erasmus-plus/resources/documents/erasmus-programme-guide-2019_es.
- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Boletín Oficial del Estado, núm. 295, de 10 de decembro de 2013, pp. 97858 a 97921. Recuperado de <http://www.boe.es/boe/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886.pdf>.
- Reglamento (UE) Nº1288/2013 DO PARLAMENTO EUROPEO E DO CONSELLO DE 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa

Erasmus+ de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea e polo que se derrogan as Decisións nº 1719/2006/CE, 1720/2006/CE e 1298/2008/CE. Recuperado de <http://sepie.es/doc/convocatoria/2014/erasmus-sports-collage.pdf>.

Xornadas anuais informativas Erasmus+ 2019, 4 de decembro recuperadas de <http://sepie.es/comunicacion/index.html>.

